



23.668. Esa foi a cifra de accidentes laborais que se produciron só o pasado ano 2012 en Galiza. Si leron ben, case 25.000 accidentes, máis de 64 por día. **O noso país situouse á cabeza do Estado no número de accidentes graves** cunha taxa que supera en máis do dobre a media estatal. A esa dramática marca engádese unha aínda peor. Somos o

segundo territorio

, apenas por detrás de La Rioja,

en número de accidentes laborais que rematan en morte da traballadora ou traballador

En 2012 foron 45 as persoas que perderon a vida no seu traballo

--case unha por semana-- e

outras 486 correron o risco de a perder

, ao seren vítimas de accidentes graves. Unhas estatísticas terríbeis só superadas pola mortalidade en accidentes de tráfico, que se cobrou a vida de 127 persoas o pasado ano, e moi superior ás 4 mulleres vítimas do terrorismo machista no mesmo período.

Sobre estas dúas últimas realidades, as mortes nas estradas e a lacra social da violencia machista, téñense dado importantes pasos na sensibilización social e na visibilización de ambas as dúas, mais non sucede o mesmo no caso da sinistralidade laboral. **Óbviose que detrás destas cifras, invisíbeis nos grandes media, latexa unha problemática real** que afecta a persoas de carne e oso, e tamén as súas familias e contornas, co agravante de se producir durante a xornada de traballo.

Morrer no traballo, un risco real en Galiza

Escrito por Xabier P. Igrexas | @contradiscurso
Luns, 22 Abril 2013 23:00

A insensibilidade dos goberno galego e español a este respecto é manifesta, dada a **continua da merma das partidas destinadas a unha prevención**

, que coas cifras na man é en boa medida cuestión de vida ou morte. Para alén da mellor cualificación en materia de riscos ou das campañas de sensibilización, imprescindíbeis para poñer a luz sobre unha realidade opacada,

cómpre desde logo un maior esforzo fiscalizador e de control

por parte das administracións públicas, nomeadamente desde a Inspección de Traballo contra a irresponsabilidade empresarial que se atopa tras moitos dos accidentes. Ese é o vieiro que nos ha permitir converter as imaxes de traballadores colgados sen arnés, de operarios sen casco, de traballadoras sen material axeitado, nunha cuestión do pasado, e facer da sinistralidade laboral un mal recordo dunha etapa da historia

na que a vida dun traballador semellaba non merecer un titular, ou apenas só merecer iso.

Facendo que morrer no traballo deixe de ser un risco real en Galiza.

Xabier P. Igrexas

www.contradiscursos.net | @contradiscurso